

# Proxecto para o fomento do uso e do prestixio da lingua galega

Curso 2021-2022

**Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega  
IES Rego de Trabe  
Culleredo**

# Índice

<b>Índice.....</b>	<b>2</b>
<b>1 Presentación.....</b>	<b>3</b>
<b>2 Breve contextualización xeral.....</b>	<b>3</b>
<b>3 Bases e valores en que se asenta o proxecto e a acción do EDLG.....</b>	<b>5</b>
<b>4 Análise DAFO xeral.....</b>	<b>6</b>
<b>5 Obxectivos xerais do proxecto do EDLG.....</b>	<b>7</b>
<b>6 Obxectivos específicos do curso 21-22.....</b>	<b>7</b>
Alumnado.....	7
Profesorado.....	8
Familias.....	8
IES.....	8
<b>7 Accións previstas para o curso 21-22.....</b>	<b>9</b>
ACCIÓNNS ESTRUTURAIAS.....	9
ACCIÓNNS CONTINUAS.....	10
PRINCIPAIS ACTIVIDADES PUNTUAIS PREVISTAS.....	11
<b>8 Membros do EDLG.....</b>	<b>15</b>
<b>9 Colaboracións institucionais.....</b>	<b>16</b>
<b>10 Avaliación.....</b>	<b>16</b>
<b>Anexo: Proxecto RT (Proxecta+).....</b>	<b>18</b>

# 1 Presentación

O obxectivo principal deste proxecto é o incremento do uso e do prestixio da lingua galega no conxunto da comunidade escolar do IES Rego de Trabe e, para planificar, desenvolver e avaliar as medidas necesarias para procurar acadar ese obxectivo, constitúese o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) para este curso 2021-2022.

A normalización lingüística é un proceso social que, para que sexa efectivo, debe ser asumido pola comunidade na que se intervé, neste caso, a comunidade escolar do IES Rego de Trabe (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias). É esa comunidade a que cómpre que se implique no proceso normalizador, polo que, necesariamente, debe ser un proceso dinámico, aberto e participativo, e debe estar protagonizado por esa propia comunidade escolar.

Así, a finalidade do EDLG do IES Rego de Trabe ten que ser a de propor, planificar, desenvolver e avaliar accións activas, dinámicas e integradoras que fagan partícipes e protagonistas do proceso de normalización da lingua galega principalmente o alumnado, mais tamén as familias e o persoal do centro, tendo en conta ademais o contorno directo en que esta comunidade está inserida, isto é, o municipio de Culleredo e a comarca da Coruña.

Este proxecto encádrase no marco da lexislación vixente, do Proxecto Educativo de Centro aprobado en 2019 (<https://i.gal/6LYEv>) e, nomeadamente, no Proxecto Lingüístico de Centro aprobado en 2021 (<https://i.gal/H4Elb>), onde se analiza a situación lingüística do IES, os obxectivos dos proxectos do EDLG e o perfil xeral das accións para acadar eses obxectivos.

## 2 Breve contextualización xeral

O IES Rego de Trabe, situado no Concello de Culleredo, é un instituto que comezou a súa actividade en 2016. Neste curso 2021-2022 conta con preto de 700 alumnos/as entre a ESO, ESA e Bacharelato. Para a actividade académica úsanse desde o curso pasado dous edificios próximos pero en recintos diferentes, o propio centro orixinal do Rego de Trabe, onde están as aulas da ESO e os servizos comúns (servizos administrativos, dirección, departamentos, talleres, ximnasio, pistas deportivas, conserxería etc.), e o edificio próximo As Mariñas, onde están as aulas de Bacharelato e da ESA, ademais dunha ampla sala habilitada como biblioteca ou o espazo maker. Esta división en dous edificios condiciona en boa medida toda a actividade do IES e, polo tanto, tamén a actividade do EDLG.

Neste curso hai cinco grupos de 1º da ESO, cinco de 2º da ESO, catro de 3º da ESO, catro de 4º da ESO, catro de 1º de Bacharelato, catro de 2º de Bacharelato e un módulo da ESA.

En liñas xerais, a lingua ambiental do alumnado é o castelán, que é a lingua moi maioritaria de uso entre eles/as nos contextos informais, e a lingua de comunicación xeral do IES é o galego.

Con respecto aos usos lingüísticos do alumnado:

- Arredor do 90% ten o castelán como lingua de uso habitual nas súas relacións espontáneas no instituto, aínda que empreguen o galego nas interaccións académicas das materias nas que é necesario. Deses porcentaxe, unha pequena parte pode ter o galego como lingua de uso familiar, mais o castelán como lingua de relación cos compañeiros e coas compañeiras.
- Menos do 10% ten o galego como lingua de uso maioritario nas súas relacións espontáneas no instituto.

- Arredor do 5% non ten competencia en lingua galega, por ter procedencia fóra de Galicia e levar aínda pouco tempo na nosa comunidade.
- No caso do Bacharelato, hai unha pequena porcentaxe de alumnado procedente de zonas rurais que vive na residencia da Universidade Laboral, que estuda no noso IES e que ten o galego como lingua de uso maioritario.

Con respecto aos usos lingüísticos do IES:

- A lingua de comunicación xeral do IES é o galego (documentación, cartelaría, web, redes sociais, actividades etc.).
- Unha porcentaxe considerable do profesorado ten o galego como lingua de uso habitual no IES, independentemente da lingua que empregue nos seus ámbitos privados ou da lingua en que, de acordo coa lexislación vixente, imparta as súas materias.

Con respecto ao contorno:

- O IES Rego de Trabe sitúase no Burgo, parroquia pertencente ao Concello de Culleredo. Este municipio localízase na marxe esquerda da ría do Burgo e é un dos principais eixos da expansión urbana da área metropolitana da Coruña. Segundo os datos do IGE, a 1/1/2020, a poboación do concello é de 30.685 habitantes (14.804 homes e 15.881 mulleres). Esta poboación repártese en once parroquias: Almeiras (San Xián), O Burgo (Santiago), Castelo (Santiago), Celas (Santa María), Culleredo (Santo Estevo), Ledoño (San Pedro), Orro (San Salvador), Rutis (Santa María), Sésamo (San Martiño), Sueiro (Santo Estevo), Veiga (San Silvestre). Algunhas destas parroquias teñen unha estruturación rural e outras totalmente urbana. Debido a que o noso IES non ten servizo de transporte escolar e o outro IES do concello si (IES Blanco Amor), a gran maioría do alumnado vén dos lugares máis próximos, que son, ao mesmo tempo, os máis urbanos e castelanizados, principalmente do Burgo.
- Tanto segundo os datos oficiais (Instituto Galego de Estatística ou Mapa Sociolingüístico de Galicia) como por observación propia, esta, a área metropolitana da Coruña, é unha das zonas máis desgaleguizadas do país. Os usos lingüísticos en galego na poboación xeral son minoritarios e a menor idade, menor uso.
- Nas zonas urbanas do municipio hai familias procedentes doutras zonas de Galicia onde o uso do galego é maioritario. Aínda que nalgúns destas familias se mantén o uso do galego no seo familiar, é tendencia xeral que as rapazas e rapaces destas familias socialicen a través do castelán, tamén no instituto.

Polo que se refire ás dinámicas de participación, o IES Rego de Trabe conta cun alumnado, en xeral, moi participativo e cun equipo docente especialmente activo e dinámico que desenvolve múltiples proxectos de innovación e dinamización educativa (algúns deles no marco dos Contratos Programa da Consellería de Educación ou de Proxecta+) como, por exemplo, Club de Ciencia, equipo de Robótica, Club de Debate, Club de Lectura, Horta... Tamén conta cun equipo de Biblioteca especialmente activo ou con Espazo Maker desde 2019.

Para este contexto é para o que se deseñou este proxecto de fomento do uso e do prestixio da lingua galega durante o curso 2021-2022.

# 3 Bases e valores en que se asenta o proxecto e a acción do EDLG

## Imaxe positiva e atractiva da lingua galega

Unha das principais finalidades de todas as accións e propostas do EDLG ha ser a de transmitir unha imaxe actual, moderna, positiva e atractiva da lingua galega para o alumnado, procurando así unha maior valorización desta e incidindo na mellora das actitudes cara a ela. Para iso buscaranse sempre linguaxes e referentes actuais, vinculación con temáticas de interese para as/os adolescentes, utilización de códigos máis vinculados ao presente e ao futuro que ao pasado, argumentario innovador, conexión a través de novas tecnoloxías e redes sociais etc.

## Transversalidade

Procúrase que acción do EDLG sexa transversal e que así o fomento da lingua poida darse desde todos os ámbitos, situacións, contextos, temáticas, actividades ou proxectos do IES, e que o galego sexa visto e entendido como útil, válido e atractivo para todos os contextos e situacións comunicativas. Tamén se procura deste xeito que a galega sexa considerada a "lingua pública común" do instituto.

## Cooperación

Búscase a creación dunha rede de traballo cooperativa na comunidade educativa, co galego como núcleo de unión, entre o alumnado, profesorado, familias e contorno do instituto e co alumnado como principal protagonista de boa parte das accións, proxectos e actividades do EDLG, polo tanto, como protagonista do uso e do fomento da lingua galega.

## Protagonismo do alumnado

Procurarase que os rapaces e as rapazas sexan os principais protagonistas das actividades do EDLG, en moitos casos incluso da súa ideación, planificación, organización e desenvolvemento. A idea é que as alumnas e alumnos, principalmente as/os integrantes do EDLG, propoñan e desenvolvan ao longo do curso as súas propias accións para o fomento do galego.

## Participación

En relación directa co protagonismo do alumnado está a súa participación. No proceso de normalización lingüística e, polo tanto, en moitas das accións que se desenvolvan desde o EDLG, importa tanto ou máis o proceso que o resultado final. A participación na ideación, a implicación nos proxectos, a achega de propostas, a difusión, o desenvolvemento, a avaliación..., pode servir tanto ou máis para acadar o obxectivo da reflexión para o incremento do uso e do prestixio da lingua galega que a propia efectivización da actividade concreta. A implicación e participación do alumnado é un dos obxectivos fundamentais.

## Visibilización

Para acadar os obxectivos de procurar unha maior valoración e un maior uso do galego é importante tamén a visibilización do traballo feito e dos resultados conseguidos. Por isto, coidarase especialmente a imaxe e a difusión das accións e actividades que se desenvolvan desde o EDLG, así como os posibles avances que se vaian acadando no uso do galego. Botarase man para isto, sobre todo, das TIC e das redes sociais.

## 4 Análise DAFO xeral

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"><li>• A gran maioría do alumnado ten como lingua de uso oral habitual o castelán.</li><li>• Na contorna do IES predomina claramente o uso do castelán e son abundantes os prexuízos asentados.</li><li>• O feito de estarmos divididos en dous edificios, un da ESO e outro de Bacharelato, obriga, en parte, a dividir tamén boa parte das accións.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Están aparecendo socialmente novas mensaxes e prexuízos non favorecedores ao uso do galego e contrarios á normalización lingüística que poden ir penetrando na xente moza e dificultar a acción do EDLG.</li><li>• A proximidade da cidade da Coruña, núcleo urbano referente para o noso alumnado para lecer e comercio, é un factor que non favorece o uso do galego por parte do noso alumnado neses contextos.</li></ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"><li>• O galego é a lingua habitual da comunicación oficial do centro (web, indicadores, comunicacións coas familias...).</li><li>• O EDLG nos últimos anos foi activo e dinámico, polo que algunhas das súas accións son coñecidas e consideradas por parte de alumnado e profesorado.</li><li>• En xeral, hai unha porcentaxe alta de alumnado participativo que poderá ser protagonista das accións do EDLG.</li><li>• O IES conta cun profesorado especialmente activo e que, en boa medida, ve e asume o galego como lingua de uso público común do instituto.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Que o galego sexa a lingua de uso público común do IES é algo, en xeral, ben acollido socialmente.</li><li>• A vinculación do galego a través da comunicación con novas linguaxes pode ser un factor moi interesante e que alumnado e profesorado valore positivamente.</li><li>• Hai alumnado disposto a participar activamente na ideación e desenvolvemento de propostas de fomento do galego desde o EDLG.</li></ul>

## 5 Obxectivos xerais do proxecto do EDLG

[Obxectivos xerais e continuos fixados no Proxecto Lingüístico de Centro aprobado en 2021]

1. Estender e optimizar o uso da lingua galega no centro educativo.
2. Incidir na realidade lingüística do alumnado evidenciando as posibles carencias e procurando unha implicación consciente na recuperación da lingua galega.
3. Dar a coñecer as distintas manifestacións culturais en lingua galega e a súa historia.
4. Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.
5. Consolidar actitudes favorables cara á lingua galega entre o alumnado.
6. Lograr que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela e que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.
7. Interactuar e achegar a lingua á realidade cultural e social do alumnado, facendo que toda a comunidade educativa colabore na defensa e valoración da lingua galega.
8. Implicar a todos os axentes escolares neste proceso.
9. Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
10. Incidir na consideración da lingua galega como ferramenta útil e eficaz máis alá do ámbito escolar.
11. Fomentar a creatividade e a participación en todas as actividades propostas polo EDLG.
12. Fomentar o traballo e o esforzo conxunto entre o alumnado e o profesorado na defensa, valoración e promoción da lingua galega.
13. Fomentar o traballo interdisciplinar co galego como vínculo de unión, como lingua de traballo e como lingua de uso público común.

## 6 Obxectivos específicos do curso 21-22

### Alumnado

---

- Implicar e corresponsabilizar o alumnado do proceso de fomento do galego, de maneira que vexa que ten que ser o protagonista dese proceso e que se sinta como tal.
- Conseguir que o alumnado asocie a lingua galega con valores positivos, modernos, creativos, non convencionais e de futuro.
- Fomentar a creatividade do alumnado a través de creacións diversas en lingua galega, principalmente audiovisuais, pero tamén informativas, didácticas, literarias ou musicais.

- Conseguir espazos concretos de uso do galego para o alumnado alén dos académicos, como poden ser algunhas redes sociais, algúns grupos de traballo, algunhas actividades concretas etc., de maneira que neses espazos concretos, as alumnas e os alumnos se sintan cómodas/os usando o galego.
- Facer que o alumnado coñeza e use os principais recursos de lecer existentes en galego, principalmente a música moderna de todos os estilos ou outras creacións culturais de diverso tipo.

## Profesorado

---

- Implicar e acadar que o profesorado se corresponsabilice no proceso de fomento do uso e do prestixio do galego, principalmente entre o alumnado.
- Conseguir que o profesorado asocie cada vez máis a lingua galega con valores positivos, modernos, creativos e de futuro.
- Facer que o profesorado coñeza e use os principais recursos existentes en galego, tanto académicos e de traballo (ferramentas tecnolóxicas, recursos na rede, audiovisuais didácticos etc.) como de lecer (música, literatura, creacións culturais de diversos tipo, redes sociais etc.).
- Acadar que o galego vehiculice cada vez máis a relación entre o profesorado do centro, tanto no aspecto formal, administrativo e académico, como no aspecto informal, de lecer ou de relacións persoais, e que se vexa como a lingua de dinamización do IES.

## Familias

---

- Facer cada vez máis partícipes as familias do proceso de fomento da lingua galega, de maneira que vexan o coñecemento e o uso do galego como unha oportunidade para as súas fillas e fillos, como algo positivo que sempre suma e que é importante para o desenvolvemento e futuro dos rapaces e das rapazas.
- Procurar a bidireccionalidade das familias para o fomento do galego, de tal maneira que poidan contribuír ao fomento do galego no IES ao mesmo tempo que o IES poida contribuír ao fomento do galego nas familias.

## IES

---

- Asentar o galego como lingua de uso público común do IES.
- Sentar as bases para que o IES Rego de Trabe poida ser a medio prazo un referente no proceso de normalización social da lingua galega.
- Implicar o conxunto da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias...) na vida e no día a día do IES, fomentando de maneira transversal o uso e o prestixio da lingua galega nese día a día da comunidade.
- Incentivar a comunicación en galego dos diversos proxectos, clubs, actividades etc., do IES e fomentar a visibilización desta comunicación para, así, contribuír a visibilizar máis o galego en todos os ámbitos.



## 7 Accións previstas para o curso 21-22

Un dos piares deste proxecto á a implicación e participación dos diversos membros da comunidade escolar no seu desenvolvemento, principalmente do alumnado. Así, aínda que aquí se presenten unha serie de accións previstas para o cumprimento dos obxectivos fixados, e como é lóxico nunha programación, estas, por diversas circunstancias, poderán ser adaptadas, ampliadas, replanificadas etc., sobre todo a través do proceso participativo dos diversos membros, do intercambio de ideas e da adaptación aos tempos, posibilidades, recursos, oportunidade e circunstancias. Enténdanse, pois, como base e non como programa pechado.

### ACCIÓNS ESTRUTURAIAS

Está previsto desenvolver unha serie de accións que son, ao mesmo tempo, organizativas e dinamizadoras. Isto é, que teñen que ver coa maneira de organizar o traballo do EDLG mais que, á vez, esa maneira de organizar o traballo xa é, en si, unha accións dinamizadora e, sobre todo, implicativa. As principais accións estruturais que está previsto levar a cabo son:

#### Proxecto RT de aprendizaxe comunicativa e innovación educativa en dinamización lingüística (Proxecta+)

- **Descrición:** proxecto transversal no que, a través da comunicación audiovisual, se incentiva e fomenta o uso e o prestixio da lingua galega no conxunto da comunidade escolar e en todos os ámbitos, proxectos e niveis do instituto. Este proxecto foi seleccionado no marco do Plan Proxecta+ 2021-2022 como proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística.
- **Obxectivos principais:** coordinar a comunicación social do IES e dos seus diversos proxectos e establecer un modelo comunicativo dinámico, actual, innovador, participativo e en galego, á vez que fomentar o uso público do galego por parte do alumnado, vincular a lingua galega cos medios, linguaxes e formas de comunicación máis actuais e innovadoras e utilizar a comunicación como método de aprendizaxe.
- **Temporalización:** todo o curso, desde mediados do primeiro trimestre.

[Véxase deste Proxecto RT o documento específico achegado como anexo]

#### Creación dun grupo de traballo ou Club de Lingua de Bacharelato

- **Descrición:** creación dun Club de Lingua autónomo e autoxestionado formado por alumnado de Bacharelato para o desenvolvemento de accións de fomento do galego por parte do alumnado e dirixidas ao propio alumnado.
- **Obxectivos principais:** implicar e corresponsabilizar o alumnado no fomento da lingua e na ideación, planificación, desenvolvemento etc. de accións, proxectos, actividades etc.
- **Temporalización:** todo o curso, desde mediados do primeiro trimestre.

## Creación dun grupo de traballo ou Club de Lingua de ESO

- **Descrición:** creación dun Club de Lingua autónomo e autoxestionado formado por alumnado de ESO para o desenvolvemento de accións de fomento do galego por parte do alumnado e dirixidas ao propio alumnado.
- **Obxectivos principais:** implicar e corresponsabilizar o alumnado no fomento da lingua e na ideación, planificación, desenvolvemento etc. de accións, proxectos, actividades etc.
- **Temporalización:** unha vez avaliada a posta en marcha do Club de Bacharelato, e a partir de principios da segunda avaliación.

## ACCIÓNS CONTINUAS

Ao longo de todo o curso, desde o EDLG do IES Rego de Trabe desenvolveranse unha serie de accións continuas fixas, estables, alén daquelas máis estruturais e daquelas actividades ou proxectos concretos. Estás son, en xeral:

## Colaboración con outros departamentos e proxectos

- **Descrición:** colaboración permanente coa Hora de Ler, co Club de Lectura Vagalumes, co Club de Debate, co Club de Ciencia, coa Biblioteca, cos equipos e proxectos de Tecnoloxía (CanSat, Lego etc.) etc., para procurar o fomento da lingua galega en e desde eses ámbitos e para desenvolver accións conxuntas.
- **Obxectivos principais:** procurar incidir de maneira transversal no fomento do galego desde os diversos departamentos e proxectos do centro e procurar a coordinación de accións, actividades etc.
- **Temporalización:** todo o curso.

## Asesoramento lingüístico e sociolingüístico

- **Descrición:** colaborar co conxunto de departamentos e proxectos do IES na procura dunha maior calidade lingüística, así como na inclusión de obxectivos sociolingüísticos nalgúns proxectos. Para iso, desde o EDLG revisaranse aqueles documentos e proxectos que vaian ter maior repercusión na procura de coidar eses aspectos.
- **Obxectivos principais:** acadar unha maior calidade lingüística na comunicación de todos os departamentos e proxectos, así como a inclusión de obxectivos sociolingüísticos transversais.
- **Temporalización:** todo o curso.

## Comunicación continua (redes sociais, web, taboleiros etc.)

- **Descrición:** unha base fundamental da acción do EDLG é a comunicación, tanto a comunicación propia da actividade do EDLG como a comunicación xeral do centro, na procura de que esta sexa dinámica, innovadora,

efectiva e que, ademais, teña o galego como símbolo de identidade. Por iso o Proxecto RT ou a xestión das redes sociais. Así, desde o EDLG daráselle especial protagonismo á xestión da comunicación, tanto a través das redes sociais (conta de Instagram xeral do IES [@regodetrabe] e específica do EDLG [@galegonorego] e posibilidade de establecer novas canles en redes sociais [nomeadamente Twitter e/ou Twitch]) como do web do instituto ou da xestión do taboleiro específico no IES, cartelería, folletos e outros métodos máis innovadores e rechamantes que se utilicen para comunicar algunhas accións con concretas. As redes sociais usaranse, ademais, de maneira dinámica para vídeos divulgativos, recomendacións musicais, xogos de preguntas, entrevistas etc.

- **Obxectivos principais:** conseguir asentir o galego como lingua de uso público común do IES e que sexa unha marca de identidade da súa comunicación, asociada esta á innovación, frescura, novas tecnoloxía etc.
- **Temporalización:** todo o curso.

## PRINCIPAIS ACTIVIDADES PUNTUAIS PREVISTAS

---

Preséntanse aquí algunhas das actividades que está previsto desenvolver ao longo do curso, mais sempre tendo en conta que, por un lado, é unha **previsión** e, por outro, que **da posta en marcha dos clubs de lingua de Bacharelato e ESO ou das achegas do alumnado e profesorado poderán ir xurdindo outras ou adaptándose estas.**

### Mes da ciencia en galego

- **Descrición:** no marco das actividades do mes da ciencia en galego, que promove o Instituto Galego da Ciencia en colaboración con diversas entidades, alumnado de 1º de Bacharelato e de 4º da ESO participará en tres videoconferencias sobre intelixencia artificial, as aprendizaxes da pandemia e a economía circular e a bioeconomía. Ademais, durante o mes de novembro, divulgaranse recursos, publicacións e información sobre ciencia en galego na biblioteca e nas redes sociais.
- **Obxectivos principais:** divulgar a ciencia en galego, facer ver que en galego tamén se fai ciencia e fomentar o uso e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, tamén naqueles aspectos máis innovadores da ciencia.
- **Temporalización:** no mes de novembro.

### Concurso de lemas gráficos contra a violencia machista

- **Descrición:** no marco das semanas previas ao 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero, convócase un concurso de lemas gráficos contra a violencia machista e unha exposición posterior dos lemas presentados.
- **Obxectivos principais:** Promover a reflexión sobre as violencias machistas a través da ideación de lemas que a denunciem e rexeiten; visibilizar esa reflexión e o rexeitamento a calquera tipo de violencia contra as mulleres a través da exposición deses lemas; e fomentar o galego como lingua de uso público común e tamén de creatividade, denuncia e reivindicación social.
- **Temporalización:** mes de novembro.

## Kahoot temáticos para profesorado e alumnado

- **Descrición:** lanzarase, a partir de novembro ou decembro, un xogo de kahoot mensual sobre temáticas diversas dirixido a profesorado e/ou alumnado, que servirá para traballar a través de algúns contidos en galego da temática proposta, léxico específico desa temática etc.
- **Obxectivos principais:** crear vínculo entre o profesorado e entre o alumnado a través dunha actividade lúdico-formativa coa lingua galega como nexo de unión, ademais de contribuír ao fomento do galego e a un maior coñecemento do seu léxico dunha maneira lúdica.
- **Temporalización:** a partir de novembro ou decembro e durante todo o curso.

## Concurso de vídeos (no marco do Proxecto RT)

- **Descrición:** para incentivar a creación de material audiovisual en lingua galega por parte do alumnado, está previsto convocar, no marco do Proxecto RT (véxase anexo) un concurso de creación de vídeos.
- **Obxectivos principais:** incentivar a creación de vídeos de diversas temáticas en lingua galega, fomentar o uso do galego oral para a creatividade audiovisual e difundir as creacións audiovisuais en galego do alumnado.
- **Temporalización:** a partir da segunda avaliación.

## Qrtm8. Campaña de amor e lingua

- **Descrición:** entre o día 2, Día da Candeloria e día en que casan os paxariños, e o día 14 de febreiro, Día d@s Namorad@s, está previsto desenvolver unha acción en que se vincule a lingua galega co amor. A idea é levar a cabo unha campaña que inclúa diversas actividades como cartas de amor, campaña informativa de vinculación do galego co amor (amor de todo tipo, pola lingua, polo país, fraternal, ás amizades, á parella...) e coas novas linguaxes a través do lema **Qrtm8**, xogos a través de redes sociais ou Kahoot, posibilidade dun concurso etc.
- **Obxectivos principais:** vincular o galego con valores positivos, en concreto, facer ver que o galego é unha lingua de amor, que é a lingua que temos máis á man, máis próxima, para expresar con palabras propias o amor de todo tipo. Ademais, e simultaneamente, vincularase o galego coas novas linguaxes das redes sociais e xuvenís, para achegalo de maneira máis directa e atractiva á mocidade.
- **Temporalización:** no mes de febreiro, en concreto entre o día 2, Día da Candeloria e día en que casan os paxariños, e o día 14 de febreiro, Día d@s Namorad@s.

## Lingua e igualdade

- **Descrición:** arredor do 8 de marzo, Día das Mulleres, está previsto desenvolver algunha acción que fomente o galego como lingua da igualdade. A idea é visibilizar mulleres e feminismo a través do noso idioma e o noso idioma a través de mulleres e feminismo. Valoraranse diversas accións para levar a cabo.

- **Obxectivos principais:** visibilizar o galego a través de mulleres e feminismo e visibilizar mulleres e feminismo a través do galego, ao mesmo tempo que fomentar o galego como lingua da igualdade.
- **Temporalización:** mes de marzo.

## Rosalía

- **Descrición:** no marco do Día de Rosalía (24 de febreiro) amosarase a Rosalía máis rompedora, reivindicativa co uso da lingua galega, feminista etc. A idea é transmitir unha imaxe de Rosalía de Castro moderna, actual, vixente e asociada á reivindicación do uso e do prestixio da lingua galega. Se Rosalía conseguiu rachar as barreiras e os impedimentos lingüísticos na súa época, nós, agora, tamén temos que conseguilo! Para iso, desenvolveranse diversas accións no instituto.
- **Obxectivos principais:** amosar unha imaxe de Rosalía de Castro moderna, actual, vixente, asociada á reivindicación do uso e do prestixio da lingua galega e que nos pode servir de modelo na actualidade.
- **Temporalización:** no mes de febreiro.

## Versos para a túa bio

- **Descrición:** a proposta consiste en promover a procura dun verso ou versos na poesía galega cos que cada alumna ou alumno se identifique nese momento, pensado, por exemplo, que podería ser un verso válido para poñer na súa bio do perfil de Instagram ou Twitter e, a partir de aí, facer unha compilación e difusión deses versos a través de diversos soportes e canles (a través de imaxes en Instagram, publicación en .pdf, exposición no centro etc.).
- **Obxectivos principais:** descubrir, a través da busca, algo de poesía galega de todos os tempos que lle guste ao alumnado adolescente; facer unha compilación de "versos escollidos" da poesía galega que lles gusten e cos que se poden identificar os/as adolescentes nalgún momento da súa vida; rachar os prexuízos que hai coa poesía como xénero "difícil", "inaccesible" ou "aburrido"; e fomentar e contribuír á visibilización da poesía en galego, principalmente nas redes sociais.
- **Temporalización:** arredor do Día da Poesía (21 de marzo) ou entre o Día de Rosalía (24 de febreiro) e o Día da Poesía (21 de marzo).

## Informad@s

- **Descrición:** exposición, catálogo (folleto e/ou cartel) e difusión da prensa e dos medios de comunicación en galego na Semana da Prensa.
- **Obxectivos principais:** dar a coñecer entre o alumnado e o profesorado os diferentes medios de comunicación de todo tipo que existen en galego (diario en papel, revistas temáticas en papel e dixitais, diarios dixitais xeralistas, radio...).
- **Temporalización:** mes de marzo.

## Maio, mes da lingua

- **Descrición:** no mes de maio, como mes da lingua e mes das Letras Galegas, está previsto desenvolver algunha acción, campaña, actividade, concurso ou programa de actividades aínda por definir, que se concretará a través dos Clubs de Lingua coa participación e implicación do alumnado, para perfilar aquelas accións que sexan do seu maior interese.
- **Obxectivos principais:** fomentar o uso e o prestixio da lingua galega e asociar o mes de maio como mes da lingua, en plena primavera, na procura das mil primaveras máis para o noso idioma.
- **Temporalización:** mes de maio.

## Declaración da mocidade a prol da lingua

- **Descrición:** incentivarase que desde os clubs de lingua (de Bacharelato e/ou da ESO) se promova unha declaración ou chamamento da mocidade a prol da lingua, co contido e título valorado, definido e acordado polo propio alumnado. A idea é que sirva para visibilizar a necesidade que a mocidade ten de máis espazos e recursos para poder usar o galego con comodidade e incentivar a reflexión sobre o proceso de normalización da lingua galega. Esa declaración poderá servir como chamamento para un maior compromiso por parte das administracións de ofrecerlle á xente moza actividades, recursos e/ou espazos atractivos e alternativos de formación ou lecer en galego. Procurarase que sexa asumida por parte do Pleno municipal do Concello de Culleredo.
- **Obxectivos principais:** facer ao alumnado protagonista da súa propia reivindicación en canto fomento do galego e visibilizar tamén socialmente que a mocidade está interesada no futuro da lingua, e que demanda máis espazos para poder usala con maior comodidade.
- **Temporalización:** arredor do mes de maio.

## Música en galego hoxe

- **Descrición:** acción que consistirá en difundir entre o alumnado a música en galego de todos os estilos máis actual. Para iso, o propio alumnado de 1º de Bacharelato organizará unha exposición dunha selección de grupos, que presentará, ademais, na clase a través dunha exposición oral. A exposición estará formada por un cartel de cada grupo con información básica sobre este: nome, imaxe, redes sociais, estilo etc. Ademais, a exposición irá acompañada de códigos QR para poder acceder á música desas bandas e dunha lista de reprodución en Youtube e/ou Spotify.
- **Obxectivos principais:** que o propio alumnado descubra e dea a coñecer entre o resto do alumnado os grupos e artistas que fan música en galego actual de todos os estilos.
- **Temporalización:** durante a segunda ou terceira avaliación.

## 8 Membros do EDLG

O EDLG do IES Rego de Trabe terá un carácter aberto e multidisciplinar e nel participarán, de maneira puntual, diversos/as profesores/as de distintos departamentos, persoal non docente e alumnado para a planificación e desenvolvemento de actividades concretas.

Alén diso, haberá un grupo de traballo máis estable para a coordinación xeral, así como un "club" específico de alumnado para a posta en marcha de actividades máis autónomas por parte deles/as.

Como membros estables do EDLG no curso 2021-2022 forman parte:

### ALUMNADO

- Alejandra Castro Neira.
- Ana García Barreiro.
- Bismar Carrasco Mota.
- Iria Cruz Pérez.
- Laura Celada López.
- Laura López Queiro.
- María Pose Fariña.
- Miguel Rodríguez Oreiro.

### PROFESORADO

- Andrea Patiño Vázquez (Bioloxía e Xeoloxía).
- Antía Cortizas Leira (Portugués).
- Aurora Barba Gasamáns (Pedagogía Terapéutica).
- Beatriz Méndez Mareque (Tecnoloxía).
- Eva Gondell (Inglés).
- Goretti Hermida Rodríguez (Lingua Castelá).
- Ignacio Méndez Baamonde (Debuxo).
- Luis Hierro Illanes (Economía).
- María Roca Moro (Educación Física).

- María Xosé Taibo Mirón (Lingua Galega).
- Nuria Mulet Pérez (Bioloxía e Xeoloxía).
- Pablo Cobas (Xeografía e Historia).
- Rosario Egea (Lingua Galega).
- Sandra Villar Giner (Lingua Galega).
- Sonia Pérez Amado (Lingua Galega).
- Susana Paz García (Orientación).

## COORDINACIÓN

- Nel Vidal Barral (Lingua Galega).

## 9 Colaboracións institucionais

Durante o desenvolvemento do proxecto procurarase a colaboración de diversas entidades para algunhas das accións concretas, nomeadamente:

- Concello de Culleredo (posible apoio ao financiamento de concursos e actividades, contactos etc.).
- Radio Culleredo. Radio municipal (entrevistas, difusión...).
- ANPA do IES (apoio a concursos, contactos...).
- Secretaría Xeral de Política Lingüística (apoio e asesoramento, a través de Proxecta+, dos Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística do curso 2021/22 e das axudas para os EDLG).
- Outros centros de ensino para algunhas das accións concretas. Por exemplo, os centros próximos de Culleredo IES Eduardo Blanco Amor e IES Universidade Laboral para poder desenvolver algún proxecto de dinamización lingüística conxunto.

## 10 Avaliación

Este proxecto será avaliado de maneira continua, tanto cada unha das accións que se desenvolva como na súa globalidade. Ao final do curso farase unha avaliación específica que consistirá en analizar o nivel de consecución dos obxectivos específicos marcados.



Nestas avaliacións teranse en conta criterios e indicadores obxectivos, tanto cualitativos como cuantitativos (número de alumnas/os e profesoras/es implicadas/os, cantidade de material producido, alcance, impacto etc.), como avaliación valorativa do impacto do proxecto na mellora do uso e do prestixio da lingua galega na comunidade educativa (valoración do aumento da autoestima sociolingüística, asociación do galego á innovación, valoración do galego galego como lingua de uso público común etc.).

O coordinador do EDLG

A directora do IES Rego de Trabe

Asdo.: Nel Vidal Barral

Asdo.: Mónica Fraga Rodríguez

Culleredo, 29 de outubro de 2021

## Anexo: Proxecto RT (Proxecta+)